



ACORDOS DO COMITÉ DE XIMNASIA TRAMPOLÍN

Ourense, 06 de Novembro do 2016

1. COPA GALICIA 2017

Data prevista de celebración 21-22-23 de Abril. Intentar que se celebre en Ourense ou noutro concello onde recibamos subvención. A poder ser empregar a instalación do Pazo dos Deportes Paco Paz de Ourense.

Como posible data alternativa 28-29-30 de Abril

Aún estando fora da orde de día establécese a data do campionato galego de Trampolín Base, Élite e Escolar. Celebrarase o 23/24/25 de Xuño (A Estrada ou Vigo). Inscripción 09 de Xuño.

2. NORMATIVAS 2017.

Apróbase facer unha proposta ao comité técnico nacional recollendo os seguintes puntos.

- No Minitramp Ampliar a Zona A vermella de recepción ata o aparello
- Nas categorías de base facer distinción entre feminino e masculino.

En canto á normativa Escolar 2017 simplemente adáptanse as edades de competición e no Minitramp simple ampliamos a Zona A Vermella de recepción próxima ao aparello.

As modificacións da normativa de Copa Galicia 2017 están recollidas no documento Anexo.

3. TECNIFICACIÓN 2017.

Dado que a tecnificación do ano 2016 non está esgotada nin asignada os membros do comité tras deliveración e votación acordan repartir o orzamento para cubrir os gastos de adestramento de preparación para os ximnastas que participaron no europeo e que non viven en Pontevedra polo que os custes de desprazamento foron notables. Os ximnastas que se atopan nesta situación son: Daniel Pérez, Yael Campelo, Antonio Santos, Melania Rodríguez e Alex Cid.



Con respecto á tecnificación da próxima tempada empregárase como bolsas de axuda de participación no mundial de Bulgaria 2017 para os ximnastas que participen.

4. PROPOSTAS E PREGUNTAS

Acórdase facer o Campionato Galego Élite Open sempre que os clubs que participen traigan xuíz da súa comunidade ou pagen a multa correspondente.

Solicitan a prioridade no ano 2017 de facer cursos de xuíz autonómico de Trampolín.